

Entidade de contratación:	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.				
Denominación do expediente:	Construción e explotación dun establecemento de cafetería situado no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de ordenación do Campus Científico Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA en Vigo				
Ref. Expediente:	CONC250101	Contrato harmonizado:	Sí		
Tipo contrato:	Concesión de obra	Tipo tramitación:	Ordinaria	Lotes:	Non
Procedemento:	Aberto	Forma adxudicación:	Pluralidade de criterios		
CPV:	45210000 45212420 45212423 55100000 55300000 55321000 55322000 55330000 55400000				
Importe licitación IVE:	0 €	Prazo execución:	20 anos		

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN DOS CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (SOBRE B)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de contratación.
2. Examen da documentación achegada pola empresa, pendente de subsanación de erros na súa oferta electrónica (SobreA).
3. Apertura do sobre de criterios cuantificables mediante xuízo de valor (Sobre B).
4. Acordos da mesa.

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Data:	16/04/2026	Hora:	09:00 horas
Lugar:	Avelino Pousa Antelo nº-1, 2ª, Santiago de Compostela 15707, A Coruña		

No lugar, día e hora enriba indicados, a Presidenta declara constituída a Mesa de Contratación para proceder á apertura dos criterios cuantificables mediante xuízo de valor (Arquivo electrónico B), correspondente ao expediente que se referencia.

MEMBROS DA MESA ASISTENTES	
CARGO	NOME E APELIDOS
Presidenta	Angela Bouzada Valverde
Secretario	Juan Carlos Vence Lamas
Asesoría Xurídica	Javier Álvarez López
Vogal	Manuel Bermúdez Sambade
Vogal	Maria Esther Souto Lareo

Como consideración previa aos actos a realizar na presente sesión e de conformidade co previsto no artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), cada un dos membros da mesa de contratación constituída declaran expresa e individualmente baixo a súa propia responsabilidade que non concorre neles ningún conflito de interese que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento, así como de que se comprometen a poñer en coñecemento do órgano de contratación,

de forma inmediata, calquera potencial conflito de intereses que poda producirse durante o desenvolvemento do procedemento de adxudicación.

2. EXAMEN DA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA POLA EMPRESA, SUBSANACIÓN SOBRE A.

A Mesa realiza a revisión da documentación achegada pola empresa MANUEL LAGO CHAPELA, comprobando que presenta a documentación solicitada en prazo e forma e, polo tanto, resulta admitida ao proceso de licitación.

3. APERTURA DO SOBRE DE CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (ARQUIVO ELÉCTRONICO B).

Declarado aberto o acto pola Presidenta da Mesa de Contratación, os integrantes da Mesa proceden a apertura do "Arquivo electrónico B", correspondente a documentación técnica dos licitadores admitidos na fase de valoración da documentación administrativa, comprobando que contén o índice coa relación dos documentos que se inclúen neles.

4. ACORDOS DA MESA.

1. A Mesa de contratación acorda admitir a todos os licitadores que presentaron correctamente cuberta e asinada a documentación do arquivo electrónico B:

LICITADOR
MANUEL LAGO CHAPELA

2. Solicitar a elaboración do informe técnico.

A Mesa de Contratación acorda que, por parte dos técnicos, se proceda á elaboración do informe onde se recolla a valoración dos criterios cuantificables mediante xuízo de valor do apartado B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Logo de tratados todos os puntos da orde do día, a Presidenta da por terminado o acto, quedando convocados os membros da Mesa para o acto público dos criterios económicos e avaliábeis mediante aplicación de fórmulas (Arquivo electrónico C), que terá lugar o día e hora que oportunamente sexa comunicado. Para que quede constancia esténdese a presenta Acta que é lida por todos os membros asistentes da Mesa de Contratación.

Unha vez que todos os membros da Mesa manifestan a súa conformidade co contido da acta, asínase dixitalmente pola Presidenta e o Secretario.

Presidenta da Mesa

Secretario da Mesa

Angela Bouzada Valverde

Juan Carlos Vence Lamas